

# XLI MEMORIAL GREGORIO PÉREZ RIVERA

8 de xuño de 2019

A Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación en Lugo, organiza co patrocinio do Excelentísimo Concello de Lugo a **41ª edición do MEMORIAL GREGORIO PÉREZ RIVERA, o sábado 8 de xuño de 2019, en xornada de tarde, no Estadio Gregorio Pérez Rivera.**

## REGULAMENTO

**Art. 1.** Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún Club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubes de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas de categoría **sub 16 ata veteranás.**
- O resto de atletas con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo deberán aboar 10€ coa recollida do dorsal.
- Todos os atletas que se inscriban, non participen finalmente e non manden a súa renuncia ata 24h antes do comezo da 1ª proba do programa. Serán sancionados cunha multa de 5€ que deberá ser aboada para poder tomar parte en calqueira control ou proba oficial organizada nesta Delegación de Lugo.
- Aquel atleta que teña algunha multa coa Delegación de Lugo pendente de abonar non será admitida a súa inscrición se no momento do peche das inscricións non está regularizada a súa situación.

**Art. 2.** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do martes 4 de xuño de 2019. As inscricións realizadas fora de prazo, cobrase 5 € coa entrega do dorsal.**

**Art. 3.** Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba.** Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

**Art. 4.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art. 5.** O **acceso á pista** será **restrinxido**, existindo cámara de chamadas. Os adestradores que queiran acceder, deberán enviar un **email a [delegacionfgalugo@gmail.com](mailto:delegacionfgalugo@gmail.com)** ata o martes 4 de xuño para recibir acreditación para o acceso as zonas habilitadas para eles.

**Art. 6.** **Nas probas de velocidade indícase a mellor marca.** As series realizaránse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

**Art. 7. FINAL 100 M.L.** Clasificaránse para a final as 8 mellores marcas das series previas.

**Art. 8.** A recepción de artefactos para a súa homologación pecharase 70' antes da celebración da proba.

**Art 9.** En todos os concursos os atletas terán 3 intentos + 3 mellora para as 8 mellores marcas. Nos concursos admitiránse un máximo de 18 atletas, segundo a marca de inscrición. Agás na proba de salto de altura e lanzamento de disco que o límite será de 10 atletas por sexo.

**Art. 11. TÁBOAS E CADENCIAS:**

- Na proba de lonxitude a táboa será a 3m.

- Cadencia salto altura: 1.20-1.30-1.35.....1.60-64-68-71-74-77.....

Art. 12.

### **HORARIO DEFINITIVO**

HOMES	HORA	MULLERES
LANZAMENTO DISCO (sub 16-máster)	16:30	LANZAMENTO DISCO (sub 16- máster)
SALTO ALTURA (sub 16- máster)	16:45	SALTO ALTURA (sub 16- máster)
	17:00	100 mv (0.76)
	17:15	100 mv (0.84)
100 mv - (0.91)	17:25	
110 mv - (0.91)	17:40	
110 mv - (0.99)		
110 mv - (1.06)		
LANZAMENTO XAVALINA (sub 16-máster)	17:50	100 ml - semifinais (sub 16- máster)
100 ml - semifinais (sub 16-máster)	18:10	
<b>Minuto de silencio e entrega agasallo familia Gregorio Pérez Rivera</b>		
	18:15	SALTO LONXITUDE (sub 16-máster)
	18:35	200 ml (sub 18-máster)
200 ml (sub 18-máster)	18:50	
	19:10	600 ml (sub 16)
600 ml (sub 16)	19:15	LANZAMENTO XAVALINA (sub 16-máster)
1500 ml (sub 18-máster)	19:25	
SALTO LONXITUDE (sub 16-máster)	19:30	
	19:35	1500 ml (sub 18-máster)
	19:45	100 ml FINAL
100 ml FINAL	19:50	
5000 ml (sub 18-máster)	20:00	5000 ml (sub 18-máster)
	20:25	400 ml (sub 18-máster)
400 ml (sub 18-máster)	20:35	

**Art. 13. PREMIOS:** Os 3 primeiros de cada proba e sexo recibirán un premio conmemorativo, sendo obrigatorio acudir a cerimonia de premiación. Aqueles atletas premiados que non se queden a cerimonia de premiación perderán o dereito ao mesmo. (A proba de 100/110v consideráse unha soa proba independentemente da altura dos valos).

Na proba de 5000m haberá unha premiación especial para os 3 primeiros máster.

**Art. 14.** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, a 18 de maio de 2019

Asdo. José Manuel Peña  
Delegado Lugo FGA

PATROCINA:

**Concello de Lugo**

COLABORA:

